

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

MG-UA/ds

A Deputada Delegada en materia de Deportes, en virtude das competencias delegadas da Presidencia por R. P. 7829-16 de data 25/04/2016, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a petición da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN (CIF: G36690832), solicitando o anticipo da subvención concedida por R.P. nº 2018008390 de 07/05/2018 por importe de SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €) para as "ESCOLAS DEPORTIVAS DE BALONMÁN", e o informe positivo de Intervención de data 16/05/2018, RESOLVO declarar de abono a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN a cantidade de CORENTA SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO MIL EUROS (46.875,00 €) para o obxecto citado, con cargo á aplicación 18/340.3410.489.02 do vixente orzamento provincial.

Non se poderá anticipar o pago dun período si está pendente de xustificar algún dos anteriores.

O pago da axuda á entidade beneficiaria levarase a cabo a través de transferencia bancaria.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 21 de maio de 2018

  
**SECRETARIO**  
  
Por delegación o Xefe do Servizo de DEPORTES  
segundo R.P. nº 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016

*Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá vostede interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

**FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN**